



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 15 DE MAIO DE 2015

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás doce horas do día quince de maio de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D.^a Olga María Blanco Teijeiro e D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 25 DE ABRIL DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de abril de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. CONTA XERAL EXERCICIO 2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente, ao Pleno da Corporación de que a Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas realizada o

día trinta e un de marzo de dous mil quince, con posterioridade expúxose ao público no BOP polo prazo establecido legalmente non presentándose ningunha alegación ou reclamación á mesma.

Polo Sr. Alcalde dise que se remite ao xa manifestado na Comisión Especial de Contas .

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que con respecto á Acta da Comisión refléxase nun dos parágrafos de non ter "ideas" de cómo facer as cousas, en realidade hai ideas pero non se souberon poñelas en valor ou explicalas á xente.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, remítese ao manifestado na Comisión Especial de Contas e sinala ademáis que se trata dun documento técnico, e que na xestión do orzamento debería de axustarse máis para que non haxa tanto superávit.

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente, que axustar ao equilibrio presupuestario é difícil e o feito de que haxa superávit implica tesourería que a súa vez permite pagar aos provedores en tempo e forma.

De seguido tómase a palabra polo Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para poñer de manifesto que a política levada a cabo polos equipos de goberno da Capela durante moito tempo foi errónea e estivo orientada a presumir de contas saneadas e de lograr superávit, pero en realidade a maioría de Concellos similares á Capela, prestan máis servizos e teñen menos xente desempregada.

Polo Sr. Alcalde - Presidente respóstaselle que o Concello da Capela presta iguais ou superiores servizos aos seus veciños que concellos similares, e en canto ao paro atópase tamén na media deles.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise estar de acordo co manifestado co Concelleiro de AIAC, xa que as políticas que se fixeron nunca miraron ao futuro, senón máis ben a quedar ben coa xente, polo tanto hai que aprender dos erros e ter un proxecto de futuro.

Remata a súa intervención animando aos que van a repetir na Corporación a cambiar e apostar por algo en concreto que pode ser o turismo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (4 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do P S de G - PSOE e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do PP e AIAC), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobado a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014.

2º. Remítela en tempo e forma ao Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas.

3. MODELOS DE DECLARACIÓN DO REXISTRO DE INTERESES, BENS PATRIMONIAIS. CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E RELACIÓN DE ACTIVIDADES. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dí o Sr. Alcalde - Presidente que este asunto non estaba incluído na orde do día, xa que non foi informado pola respectiva Comisión informativa de asuntos do pleno, polo que ao abeiro do establecido no artigo 82.3 do ROF, propón ao pleno a declaración de urxencia motivado que polo artigo 75.7 da Lei de bases de réxime local establécese que o Pleno da Corporación debe aprobar os modelos de declaración de bens patrimoniais, así como de causas de incompatibilidade e actividades.

Sen debate, o Pleno da corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión declara a urxencia deste asunto.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dase conta dos modelos do rexistro de intereses para a declaración dos bens patrimoniais e causas de posible incompatibilidade e relación de actividades que deberán presentar os concelleiros/as electos nas Eleccións Municipais 2015.

Sen debate, e por unanimidade, dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión, o Pleno da Corporación, adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar os modelos que deberán presentar os Sres. Concelleiros/as electos nas Eleccións Municipais 2015 no Rexistro de intereses correspondentes aos Bens Patrimoniais e causas de posible incompatibilidade e relación de actividades.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas vinte minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José A. Meizoso Paz